

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TUI

Subvencións e axudas

AXUDAS MUNICIPAIS DE MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA CURSOS 2020

O Pleno da Corporación deste concello, en sesión ordinaria de data 30/07/2020 aprobou as “Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais de material escolar e comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa) educación primaria e secundaria do Concello de Tui -Curso 2020-2021-” e anexos, expoñéndose as mesmas no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na páxina web do Concello de Tui (www.tui.gal).

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE TUI – CURSO 2020-2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Art. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

III

O programa de axudas municipais escolares de material escolar e comedor do Concello de Tui está destinado ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados de Tui, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

BASES

BASES PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Tui, para o curso 2020-2021.

As axudas de material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

1. Axudas para a adquisición de material escolar para Educación Infantil (2ª etapa), Educación primaria e Educaión Secundaria. No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático no inventariable, material funxible, mochila, uniforme, mascarillas...).
2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes Bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, na páxina web do Concello de Tui e no BOP de Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contando desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria na forma e nos termos previstos na LXS (Arts. 17.3.b.), 18 e 20.8) en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións-BDNS (Resolucións IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015). Así mesmo, publicarase no taboleiro de anuncios da casa do Concello e na páxina web municipal.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse na web do Concello e no taboleiro oficial de anuncios, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor- (ordenadas numericamente), Exp. Servizos Sociais, número



de expediente na xestión de municipal, colexio, finalidade da subvención (material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á BDNS.

CUARTA.- Destinatarios de comedor

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional, e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse subvencións para o comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar a causa da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as no curso 2020-2021 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa): 3 a 5 anos
- Educación Primaria (1º a 6º): 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º): 12 a 16 anos

QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal

As axudas municipais escolares de material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Tui no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder ás axudas de material escolar e comedor os/as alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revogada.

Segundo a consulta da Dirección Xeral de Tributos V1049-17, as axudas municipais para a compra de material curricular están exentas de IRPF.



SEXTA.- Requisitos xerais

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario das axudas os seguintes:

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Tui (a comprobación realizarase polo propio Concello de Tui).
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Tui.
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.840,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.840,56 €/anuais).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados dende a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
2	806,76€	9.681,12€
3	1.210,14€	14.521,68€
4	1.613,52€	19.362,24€
5	2.016,90€	24.202,80€
6	2.420,28€	29.043,36€
7	2.823,66€	33.883,92€
8	3.227,04€	38.724,48€
9	3.630,42€	43.565,04€
10	4.033,80€	48.405,60€



A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2019), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas terase en conta a base imponible xeral (435) e a base imponible do aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de trescentos cincuenta euros ó mes (350,00€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2020.

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar de convivencia”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

As solicitudes das axudas municipais para material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso que se presente máis uníranse, tramitándose a primeira presentada no rexistro xeral.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos.

7.2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2019 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.

7.5 Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6 Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), á Seguridade Social (TGSS), con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Tui ou, no seu caso, autorización para que o Concello consulte dita información.

7.7 De ser o caso, copia do contrato de aluguer e dou xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura).
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a).
- Enderezo da vivenda alugada.
- Mes e importe pagado.

7.8. De ser o caso, de ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo II).
- Fotocopia dos recibos de pagamento da hipoteca dos dous meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, sobre os gastos realizados en concepto de amortización da vivenda habitual.

7.9. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente de grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente das clases pasivas.

7.10. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.



Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polos profesionais do servizo sociais municipais.

7.11. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.12 De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.13. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Servizo Sociais para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

OITAVA.- Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Departamento de Servizo Sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

DÉCIMA.- Criterios de valoración

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos ingresos do ano 2019 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda per cápita considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2020.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%, ata un máximo de dous membros.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Ensino, que actuará como presidenta, un/ha traballador/a social e un auxiliar administrativo do Concello de Tui. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas

12.1. O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda per cápita anual da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión de municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Superar os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Tui.
 - Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita, de menor a maior.



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de material escolar (ata o 1 de decembro) e comedor (durante todo o curso) que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta do/a instrutor/a do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria 326.481.01.95 (“Becas material escolar e comedor”) do orzamento do Concello, por importe total de 20.000,00€, dos cales, 5.000,00 € destinaranse a becas de material escolar e os restantes 15.000,00 € a becas de comedor.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Xunta de Goberno Local resolverá a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación segundo informe da Comisión de Valoración cos seguintes datos: número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación

- Contía para material escolar:

Educación Infantil, Primaria e Secundaria 80,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do beneficiario, ó/á profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento da contía que se subvenciona directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren o material escolar nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

- Contía para comedor:

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de cincuenta euros (50€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán trinta e cinco euros (35€), o 70%, por ter menos días lectivos.

O pagamento destas axudas realizarase trimestralmente mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 41BKAZ3XZSK9S9GU



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso- administrativo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas Bases e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (50€/mes, agás os meses de decembro e abril) ten a obriga de gastar o importe mensual dentro do mes.
- Comunicar ó Departamento de Servizos sociais as baixas.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador

No caso das axudas de material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

Serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Tui, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.




Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

Pág. 1/3

ANEXO I IMPRESO DE
SOLICITUDE
**AXUDAS MUNICIPAIS
ESCOLARES CURSO
2020-2021**



SEÑOR/A ALCALDE/SA-PRESIDENTE/A DO CONCELLO DE TUI,

SOLICITANTE	* DNI ou CIF	* Apelidos Nome (pai, nai, titor ou persoa responsable coa que convive o/a alumno/a solicitante)				* Teléfono móbil	Teléfono	
	ENDEREZO FISCAL							
	* Nome da rúa, praza, etc		* Número	Portal	Escaleira	* Piso	* Porta	* Cód. Postal
	* Municipio	* Data nacemento	Correo electrónico		País de nacemento			

ALUMNO/AS PARA OS/AS QUE SE SOLICITA:

1.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021			<input type="checkbox"/> MATERIAL <input type="checkbox"/> COMEDOR1*	

2.

* Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021			<input type="checkbox"/> MATERIAL <input type="checkbox"/> COMEDOR1*	

3.

* Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021			<input type="checkbox"/> MATERIAL <input type="checkbox"/> COMEDOR1*	

4.

* Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021			<input type="checkbox"/> MATERIAL <input type="checkbox"/> COMEDOR1*	

5.

* Campos que se deberán cubrir obrigatoriamente.

* Apelidos	* Nome	Data nacemento	* País de nacemento	Relación co/a solicitante
* CENTRO ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021			<input type="checkbox"/> MATERIAL <input type="checkbox"/> COMEDOR1*	

1* Ver observacións. Comedor na modalidade excepcional.

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Tui.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 41BKAZ3XSK9S9GU



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

Páx. 2/3

**PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES
CURSO 2020-21**

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS				
<i>Non incluír ós/ás alumnos/as para os/as que se solicita a axuda</i>				
Apelidos e Nome	Parentesco co solicitante	CONCEPTO INGRESOS 2019 (traballo, pensión, RISGA, desemprego)	CONTÍA Ó MES	Sinatura 2*

Autorizo ao Concello de Tui a que consulte o cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social	SI	NON
Nº de membros da unidade familiar de convivencia que teñen recoñecido un grao de minusvalía igual o superior ó 33%		
¿Realizou Vde. a declaración da renda do 2019 IRPF) ?	SI	NON
¿Solicitou algunha axuda de libros para o curso 2020-2021 doutras Administracións?	SI	NON
¿Foi Vde. vítima de violencia de xénero no ámbito familiar?	SI	NON

SITUACIÓN DA VIVENDA DO SEU DOMICILIO HABITUAL		
Aluguer <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:
Hipoteca <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:
Outra <input type="checkbox"/>	Enderezo:	Importe mensual:
¿É Vde. ou algún dos membros da unidade familiar de convivencia propietario doutro/s ben/s inmobles (pisos) distinto/s da vivenda habitual? SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
En caso afirmativo, indique a poboación onde está ubicado:		
Observacións/ Motivo excepcionalidade: (Na modalidade excepcional, soamente axuda para <u>comedor</u> , que poderá solicitarse a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias).		

O/A solicitante declara baixo a súa responsabilidade que os datos que figuran nesta solicitude son certos.

Tui, de de
Sinatura do Solicitante

Consonte o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados ao ficheiro de Servizos Sociais, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie a persoa interesada nesta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Tui

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 41BKAZ3XSK9S9GU



**PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES
CURSO 2020-21****DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen parte da unidade familiar de convivencia. Achegarase a seguinte documentación:

- 1. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de 18 anos.
- 2. Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- 3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar
- 4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2019 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia.
- 5. Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).
- 6. De ser o caso, copia do contrato de aluguer e dous xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes. Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:
 - Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
 - Identificación do arrendatario/a (inquilino).
 - Enderezo da vivenda alugada.
 - Mes e importe pagado.
- 7. Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Tui ou, no seu caso, autorización para que o Concello consulte dita información.
- 8. De ser o caso, de ter hipoteca sobre a vivenda habitual achegará :
 - Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo II).
 - Fotocopia dos recibos de pagamento dos dous meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.
- 9. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:
 - Certificado emitido polo órgano competente de grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
 - Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
 - Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas
- 10. No caso de situación de *violencia de xénero* no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia que rematou dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares. Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas.
- 11. De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- 12. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.
- 13. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Servizos Sociais para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.



Mércores, 9 de setembro de 2020

Núm. 174

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES CURSO 2020-21

ANEXO II

XUSTIFICANTE HIPOTECA DA ENTIDADE BANCARIA

D/D^a: con NIF/NIE e

D/D^a con NIF/NIE

é/son titular/es do préstamo hipotecario nº
nesta entidade, solicitado para a adquisición da vivenda situada
en

E para que así conste e surta os efectos oportunos no procedemento das “Axudas Municipais de Material escolar e Comedor para alumnos de Centros Docentes Públicos e Privados Concertados de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Secundaria”, asino a presente, en Tui, o de de

[Sinatura e selo da entidade bancaria]

MOI IMPORTANTE: xunto con este documento achegarase copia dos recibos de pagamento dos dous meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual (Base Sétima).

Tui, o alcalde

Enrique Cabaleiro González

(Documento asinado electronicamente á marxe)

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:41BKAZ3XZSK9S9GU

